

Os referentes nacionais en Rosalía e no provincialismo galego

Justo G. Beramendi

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

BERAMENDI, JUSTO G. (2012 [1986]). “Os referentes nacionais en Rosalía e no provincialismo galego”. En *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (III). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 381-394. Reedición en *poesia-galega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/2330>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

BERAMENDI, JUSTO G. (1986). “Os referentes nacionais en Rosalía e no provincialismo galego”. En *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (III). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 381-394.

* Edición dispoñíbel en pdf desde o 19 de outubro de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este textos en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

OS REFERENTES NACIONAIS EN ROSALÍA E NO PROVINCIALISMO GALEGO

JUSTO G. BERAMENDI

Universidade de Santiago de Compostela

É evidente que o nacemento e a evolución dos nacionalismos, como os de calquera ideoloxía ou movemento político, constitúen procesos históricos complexos nos que interveñen numerosos factores concausais de moi diversa caste (socioeconómicos, políticos, culturais, ideolóxicos), nunha rede de influencias e determinacións cruzadas nas que aquí non podemos entrar. Con todo, fíquese cando menos constancia de que a pouquedade das explicacións histórico-materiais no que segue non se debe a unha postura metodoloxicamente idealista ou formalista pola miña parte, senón á natureza do tema elixido e ás limitacións de espacio que, para o seu tratamento, imponen as normas do Congreso. Tan grandes son estas que nin siquiera poderei dar conta cumprida do *topos* ideolóxico completo no que se inseren as formulacións galeguistas obxecto do presente traballo. Limitareime, xa que logo, a sinalar agora os condicionantes históricos principais do provincialismo galego para que o lector os teña sempre presentes como trasfondo da miña exposición:

a) no social, a peculiar “revolución burguesa” española, que en Galicia resulta máis peculiar aínda ó permanecer, por riba das transferencias de titularidade das rendas, o sistema foral como relación de produción dominante no campo, e no conxunto da economía galega ata fins do século XIX (1); o conseguinte arcaísmo de todo o sistema productivo que segue centrado nunha agricultura maioritariamente de subsistencia, ó que compre engadi-lo esfarelamento das industrias artesanais e rurais tradicionais e a falla dun pulo industrializador moderno (2); e como consecuencia disto, a pervivencia durante todo o século XIX dunha estrutura social na que as clases precapitalistas (fidalguía, campesinado, artesanado, burguesía comercial) predominan con moito sobre a verdadeira burguesía capitalista e o proletariado, o que pode ser unha das chaves para explicármolas orientacións populistas e ruralistas, non só do provincialismo, senón das tendencias maiores de tódalas fases do galeguismo, cando menos ata 1936.

b) no político, o contradictorio e conflictivo proceso de construción do Estado

(1) Vid. principalmente R. Villares Paz, *La propiedad de la tierra en Galicia. 1500-1936*, Ed. Siglo XXI, Madrid, 1982.

(2) Xan Carmona Badía, *Producción textil rural e actividades marítimo-pesqueiras na Galicia, 1750-1905*, tese doctoral inédita, Facultade de Ciencias Económicas, Santiago de Compostela, 1983.

liberal español, especialmente entre 1833 e 1875, proceso no que, agás moi breves parenteses de poder progresista-democrático, hai un predominio claro e continuo do moderantismo –fillo do acordo e posterior fusión dos vellos e os novos grupos sociais hexemónicos– que é quen realmente configura o Estado centralista e un sistema político do que, na práctica, son excluídos tódolos sectores sociais non dominantes. A reacción destes sectores, e moi particularmente dos representados politicamente pola esquerda do liberalismo español, é *unha* das orixes do nacemento de certos provincialismos, como a resistencia dos representados ou hexemonizados polo tradicionalismo contra dos novos valores e realidades será, logo de pecharse definitivamente a vía do carlismo armado, *unha* das orixes de certos foralismos e rexionalismos.

c) no ideolóxico é indubidable a decisiva influencia de ideoloxías políticas referidas á nación española, especialmente o progresismo democrático e federalizante e máis o tradicionalismo, sobre os provincialismos, ata o punto de que, nunha primeira e moi longa etapa, se pode afirmar que estes non son senón variantes daquelas. Por outra parte, hai que ter presente tamén, nun segundo plano, a incidencia difusa pero relevante de correntes europeas xerais, principalmente o romantismo, o historicismo e os primeiros gromos dun catolicismo anovado e socializante.

Esquema metodolóxico xeral para a análise do concepto de nación

E obvio que non pode haber ideoloxía ou movemento nacionalista, máis ou menos desenvolvidos, sen concepto de nación propia. Tal concepto é un elemento ideolóxico complexo, arredor do que se articula toda a ideoloxía en cuestión. De aí que o estudio das compoñentes simples que o integran e das súas relacións mútuas de interacción e subordinación sexa imprescindible para unha análise rigurosa tanto da xénese, natureza e grao evolutivo dun nacionalismo como para a caracterización das súas relacións de afinidade/oposición coas demais concepcións coetáneas do mundo. Nesta análise xoga un papel principal a consideración dos referentes nacionais vencellados ó concepto de nación propia, e aínda máis naqueles nacionalismos que necesitan nega-la outra nación para afirmaren a súa, como é o caso dos que son nados na España da segunda metade do século XIX. Nestes cómpre dar conta de catro tipos básicos de referentes:

– o *referente propio ou afirmativo*, que no noso caso é, naturalmente, Galicia. A natureza do concepto de Galicia, a súa asunción e o grao de operatividade política en cada momento están relacionados coa presenza, o carácter e a intensidade dos *factores constitutivos de definición-diferenciación*, que agrupamos en catro clases: *estructurais políticos*, *estructurais socioeconómicos*, de *etnicidade*, e de *historicidade*. Cada clase de factores abrangue un ou máis factores simples. Por exemplo, a lingua, a raza, os costumes, etc., na etnicidade. A importancia relativa dos diversos factores simples dentro de cada clase, e sobre todo das clases de factores entre si, é chave para precisarmos, non só o tipo de concepto de nación vixente ou predominante en cada etapa

ou en cada tendencia nacionalista dunha etapa dada, senón tamén que intereses de clase e que ideoloxías xerais coetáneas están presentes ou son hexemónicos nun nacionalismo. Tal concepto funciona, ademais, como núcleo articulador da ideoloxía galeguista.

— o *referente de reintegración* é complementario do anterior. Trátase dun ente nacional irmán ou dunha parte do propio que foi arredado no decurso da historia, malia pertencer ó mesmo tronco etnohistórico. A intensidade da evocación deste referente, que no noso caso é Portugal, é un indicativo do nivel de asunción real da idea de nación plena e, xa que logo, da radicalidade actual ou potencial da afirmación nacionalista.

— os *referentes de negación-oposición*. Son fundamentais para determina-la natureza xenérica dun nacionalismo dado e as causas históricas da súa emerxencia. Cando no concepto de nación priman os factores constitutivos de natureza estrutural política ou socioeconómica sobre dos da etnicidade e a historicidade, o referente negativo non é outro ente nacional senón a vella organización social e política do propio, e estaremos perante un nacionalismo fillo directo dunha revolución burguesa. Pola contra, cando os factores etnohistóricos primen sobre os estruturais, o referente de negación-oposición será un *outro* nacional, e estaremos diante de nacionalismos referidos a comunidades politicamente incluídas nun Estado máis extenso e con contidos de clase e ideolóxicos moito máis complexos e variables no tempo, que moitas veces se pretenden harmonizar mediante unha invocación populista. Nestes casos a importancia deste tipo de referentes é moi grande, pois a magnitude da afirmación nacional “nova” é directamente proporcional á da negación da pertencencia nacional “vella”. Para nós, os referentes negativo-positivos só poden ser dous: España e Castela, que se presentan alternativa ou simultaneamente.

— os *referentes de analoxía*. Son aqueles entes nacionais cos que se compara positivamente o propio. Aínda que adoitan ser numerosos e de significación moi heteroxénea, terán especial interés no noso caso a presenza/ausencia e o tratamento recibido polos abranguidos no Estado español, e particularmente Cataluña e Euskadi. A consideración deste tipo de referentes non é tan decisiva coma a dos anteriores, pero resulta tamén moi útil, pois funcionan como modelos emulativos e, en consecuencia, a natureza deses modelos revela ás veces arelas inconfesadas.

As ideoloxías do provincialismo galego

No caso de Galicia, a xestación deste concepto comeza arredor do 1840, ó fro do nacemento e lento desenvolvemento do chamado provincialismo, primeira fase do galeguismo, que chega ata 1885 aproximadamente. Considerando o seu desenvolvemento xeral, podemos distinguir no provincialismo catro “momentos” ben diferenciados: 1) *1840-1846*, no que acontece o primeiro gromo ideolóxico, publicístico e político, que é traxicamente esmagado co pronunciamento de Solís e os fusilamentos de

Carral (3); 2) *c. 1850-1868*, protagonizado polo rexurdimento cultural, literario e historiográfico, con fitos como os Xogos Frorais da Coruña en 1861, os *Cantares Gallegos* de Rosalía en 1863 e os primeiros tomos das *Historias de Galicia* de Benito Vicetto e Manuel Murguía; 3) *1868-1874*, no que o provincialismo cultural fica relegado diante do súpeto pulo do federalismo; e 4) *1875-1885*, no que, logo da desfeita do federalismo, torna o predominio do cultural-teórico e ten lugar a transición ó rexionalismo. Emporiso, no plano estrictamente ideolóxico e, sobre todo, no que atinxe ó concepto de Galicia, só hai realmente dúas etapas: a da primeira xeración de provincialistas (1840-1846), con Díaz de Robles, Faraldo, Neira de Mosquera, Rúa Figueroa, etc.; e a da segunda xeración de Vicetto, Pondal, os irmáns De la Iglesia, e moi especialmente o matrimonio Manuel Murguía-Rosalía de Castro. Unha parte desta segunda xeración participará na transformación do provincialismo en rexionalismo nos anos oitenta. Non será así con Rosalía, que morre en 1885 e vive moi tanxencialmente esa transición.

Case tódolos provincialistas se encadran politicamente, agás algunha excepción como o tradicionalista Saco y Arce, no liberalismo, e maioritariamente na súa ala esquerda (progresismo, democracia), polo que a tendencia tradicionalista e filocarlista, que tanto peso terá desde 1885/1890, está ausente no período que consideramos. Con todo, convén matizar este liberal-progresismo dos nosos provincialistas, pois neles atopamos unha significativa hibridación de elementos de xinea inequívocamente liberal-revolucionaria con outros procedentes do historicismo, o romantismo e o catolicismo "social". Isto é evidente xa na primeira xeración. Deixando dun lado o universal talante literario-romántico dos seus escritos e actitudes, que constitúe o molde formal das súas ideas (4), as profesións de fe liberal son reiteradas e inequívocas. Por exemplo, A. Faraldo sentencia en 1842: "¿Qué tiene pues el siglo XIX? La libertad" (5). E en 1845 a redacción de *El Porvenir* concretará moito máis o sentido político destas palabras, ó comentaren unha carta de La Sagra en apoio do periódico: "La misión que nos hemos resuelto a desempeñar por medio de *El Porvenir* es la verdadera y legítima del partido liberal; pero nosotros somos *los primeros* en cumplirla con franqueza y osadía" (6).

Mais, paradoxicamente, este liberalismo vai unido ó refugo das súas orixes filolóxicas racionalistas e enciclopedistas. E así, J. González apostrofa ó "ridículo Voltai-

(3) Para este período de 1840-1846 é imprescindible a consulta de X.R. Barreiro Fernández, *El levantamiento de 1846 y los orígenes del galleguismo*, Pico Sacro, Santiago de Compostela, 1977.

(4) E que se resume no lema faraldiano "¡Abajo las reglas, las escuelas i los maestros!". Vid. o seu artigo "Nuestra bandera literaria", *El Porvenir*, Santiago, nº 11, 29-VI-1845, pp. 83-84.

(5) A. Faraldo, "La libertad como pensamiento político y literario", *El Recreo Compostelano*, Santiago, nº 12, 26-VI-1842, pp. 183-187. Tres anos despois seguirá na mesma liña: "Lo que decimos de la literatura no es más que la aplicación de un principio poderoso que está batallando en el mundo desde el origen de las sociedades: nuestra bandera literaria es sólo un lienzo de la grande y deslumbradora que lleva en su corbata tres palabras que lo resumen todo: igualdad, libertad y fraternidad" ("Nuestra bandera literaria", art. cit.).

(6) *El Porvenir*, nº 7, 11-IV-1845, p. 52.

re" (7), José Rúa Figueroa rexeita "la sucia incredulidad del siglo XVIII" (8) e Faraldo dinos que "el filosofismo enciclopédico, olvidando la sociedad, borró la historia del género humano" (9). Só podemos explicar esta aparente contradicción se temos en conta a presenza e máis a función ideolóxica doutros dous elementos: o historicismo e o que, a falla doutro termo mellor, chamaremos evanxelismo ou cristianismo social. Verbo do primeiro, aínda que algúns autores menores o vencellan a posturas conservadoras (10), non presenta en xeral contidos tradicionalistas nin está animado pola finalidade política de preservar ou resucitar unha orde periclitada. Pola contra, Faraldo proclama que "en la historia se aprende la libertad" (11). Esta vinculación de historia e liberdade, de historicismo e liberalismo, remanecerá nos historiadores da segunda xeración (Murguía, Vicetto). Verbo do cristianismo, é certo que a preocupación relixiosa constitúe, xunto co historicismo e o liberalismo, un dos tres peares da ideoloxía predominante no primeiro provincialismo. Pero tamén aquí cómpre fuxirmos dunha valoración apresurada, porque esta compoñente tampouco actúa de lexitimador de ningunha reacción, ó contrario do que acontece no tradicionalismo católico. O propósito de "ensalzar los principios sociales de la moral evangélica" (12) é fórmula que contén as dúas facianas chave desa preocupación: a arela dun catolicismo anovado e purificado -"evanxélico"- que volvese a busca-lo seu papel de modelo completo de civilización e que, en canto tal, pola súa propia xusticia intrínseca, fíxese doada unha solución *harmónica* dos problemas sociais. E patente aquí a influencia de Chateaubriand, Lamartine, Drovineau, Lamennais, etc., "maestros i directores del nuevo movimiento religioso-social [que] han persuadido á las naciones que todas las verdades civilizadoras buscadas hasta aquí fuera de la relijion han nacido i se han agrandado i establecido por el cristianismo" (13). Con todo, esta proclamación do cristianismo como matriz civilizadora e como a mellor das formas sociais posibles non ten nos nosos provincialistas as connotacións antiliberais que tiña, por exemplo, nun Donoso Cortés. Moi ó contrario, Faraldo, que gaba á relixión por ser "lazo sagrado que une al hombre con su hermano", fustiga ós fanáticos, "si los fanáticos tienen *Relijion*", afirma que as doutrinas cristiás "introducidas en los corazones sin violencia, conmueven el trono de los tiranos" e fía en que, ó cabo, o cristianismo "cuando sea comprendido de lleno por la humanidad, hará de la tierra un pa-

(7) J. González, "Relijion", *El Idólatra de Galicia*, nº 2, 9-X-1841, pp. 9-11.

(8) José Rúa Figueroa, "Pasado, presente y porvenir de la poesía. Art. 2º", *El Porvenir*, nº 4, 11-III-1845, pp. 28-29.

(9) A. Faraldo, "Historia de Galicia. 1º", *El Recreo Compostelano*, I, nº 1, 11-I-1842, pp. 4-7.

(10) Por exemplo, J. González, no seu artigo "Literatura alemana. Klopstock" (*El Idólatra de Galicia*, nº 6, 6-XI-1841, pp. 41-44), defende o "espiritualismo alemán" fronte á "escuela materialista de Voltaire".

(11) "Historia de Galicia. 1º", art. cit.

(12) *El Idólatra de Galicia (...) Prospecto*, Establecemento tipográfico de la Viuda e hijos de Compañel, Santiago, 1841, 4 pp.

(13) A. Faraldo, "El Cristianismo en su forma social", *El Recreo Compostelano*, I, nº 13, 11-VII-1842, p. 204.

raíso" (14). En suma, busca no cristianismo a orixe da liberdade e a base da utopía. Pero para iso ten que artellalo co historicismo e co liberalismo, e desprender este das súas raigames filosóficas xacobinas, racionalistas e universalistas. Nesta triple articulación, o cristianismo, entendido deste xeito, cumpre a dobre función de mito lexitimador da liberdade e da xusticia, e de axente transformador que as fará realidade no futuro. Isto enlaza ademais co seu impreciso reformismo social, centrado na filantropía e moi influido por La Sagra.

Na segunda xeración, a ideoloxía provincialista amosa continuidades e cambios. Outras comunicacións presentadas ó Congreso, sexa sobre Rosalía, sexa sobre o seu contexto histórico inmediato, e máis estudos xa publicados, permítenme aforrar espacio nesta cuestión (15). Limitareime a sinalar que remanece o historicismo liberal como cerne ideolóxico; que perde peso a compoñente cristián; e que, en troques, o liberalismo radicalízase cara a un progresismo democrático que ás veces, e particularmente en Rosalía e no Murguía anterior a 1875, achégase ós lindeiros do socialismo utópico.

Os referentes nacionais no primeiro provincialismo

Mais é obvio que, se podemos falar de ideoloxía *provincialista* en tanto que protonacionalista, é porque todas esas ideas de natureza xeral teñen un obxecto de aplicación que vai sendo preferente: Galicia. Vexamos cómo se configura o concepto de Galicia no provincialismo mediante os referentes xa enumerados.

O referente propio ou afirmativo preséntase nun estado moi embrionario, o que incide, en primeiro lugar, nos termos empregados como denotativos de Galicia. Os máis frecuentes son, sen dúbida, *reino* e *patria*. O primeiro adoita ir precedido do adxectivo "antigo", que expresa a reciedume histórica do dereito a constituir unha unidade política. Para explicitar aínda máis esa intención, e en alusión opositiva á desmembración provincial de 1833, establécese ás veces, e en lugares sobresañtes do discurso, a ecuación *cuatro provincias unidas = antiguo Reino de Galicia* (16). Con todo,

(14) A. Faraldo, "Palabras de Relijion", *El Idólatra de Galicia*, nº 4, 23-X-1841, p. 29.

(15) Vid. as comunicacións de Encarnación Otero Cepeda, "Para unha lectura feminista da obra de Rosalía"; Xosé R. Barreiro Fernández, "Ideoloxía e política en Galicia no período 1846-1868"; Catherine Davies, "La ideología político-social de Rosalía: raíz de su pesimismo existencial"; Francisco Rodríguez, "A conformación da obra rosaliana: socialismo utópico, populismo e patriotismo". Véxanse tamén os traballos éditos: Catherine Davies, "Manuel Murguía, Rosalía de Castro y el Museo Universal", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Santiago, nº 96-97, 1981, pp. 427-452; Ramón Maiz, *O rexionalismo galego. Organización e ideoloxía*, Ed. do Castro, Sada, 1984; e Justo G. Beramendi, "La Galicia de Murguía", introducción a M. Murguía, *Galicia* (1888), Ed. Xerais, Vigo, 1982, pp. I-XLVIII.

(16) Vid., por exemplo, A. Faraldo, "Últimas consideraciones sobre Galicia", *El Recreo Compostelano*, I, nº 24, 16-XII-1842, p. 372, e "Estudios de Galicia", *Ibid.*, I, nº 18, 26-IX-1842, p. 279.

o denotativo máis frecuente ou máis significativo (Díaz de Robles, Castro y Martínez, J. Rúa Figueroa, Martínez Padín, etc.) é *patria*, que en Faraldo aparece nunha proporción de 6 a 1 en relación con calquera outro. Pola contra, *provincia* ten un uso comparativamente escaso, malia as profesións de provincialismo. Mención á parte merece o uso dos termos *nación* e *nacionalidade* que, cando se empregan en tempo histórico *presente*, se aplican sempre a España. Alfonso Mato di acertadamente que “el concepto de nación lo reserva exclusivamente Vereá para referirse a España, utilizando para Galicia el nombre de provincia” (17), e máis aínda o de reino, engado eu. O mesmo podemos dicir dos demais provincialistas. Pero isto cambia cando falan en *tempo pasado* ou en *tempo futuro*, especialmente no primeiro. Daquela sí que aparecen nación e nacionalidade referidos a Galicia ou, cando menos, á quen a poboaba. Da man de Vereá, Faraldo e Martínez Padín principalmente, Galicia amósasenos como unha nación antiga, da que o maior atributo para crela tal é a *independencia política* que tivo outrora e que hoxe perdeu, de onde parece deducirse que con ela perdeu tamén a súa *nacionalidade* (18). Pero a nacionalidade maniféstase tamén, aínda que menos vizosamente, como proxecto de futuro. E así como no pasado equivalía a independencia política, semella que no futuro equivale soamente a rexeneración social e unidade moral e política dos galegos, pero sen que esa unidade implique independencia verbo do Estado español e nin sequera unha cota expresa de autogoberno, aínda que sí un maior peso de Galicia no concerto peninsular: “la *gran unidad gallega*, no sacerdotal sino cristiana, no teocrática sino nacional (...) hará que recobremos el cetro de los mares i que nuestro nombre sea un título de orgullo, de caballería, de nacionalidad i de cultura i entonces sí que no nos llenaríamos de dolor al tener que esclamar imitando al filósofo de Ginebra: EN GALICIA NO HAY PATRIA PORQUE TAMPOCO HAY CIUDADANOS” (19).

Os perfís futuros da nacionalidade e a finalidade política da súa afirmación resultan, como pode verse, moi difusos, o que cadra coa ausencia dunha reivindicación autonomista precisa, fóra dos xenéricos ataques ó centralismo.

Se pasamos agora ós factores constitutivos desa patria/reino/provincia, salientáneos, por unha banda, a primacía dos estruturais sobre a etnicidade e a historicidade na concepción xeral das nacións, e por outra, o predominio da historicidade sobre os demais, mesmo a etnicidade, no seu concepto particular de Galicia. E certo que en ocasións se recoñece que a historia xerou en Galicia uns riscos caracteriolóxicos colectivos (que non sempre son valorados positivamente e entre os que o “instinto relixioso” ocupa un lugar privilexiado), un idioma propio (que só se menciona de pasa-

(17) Alfonso Mato, *Historiografía y nacionalismo. La construcción histórica de Galicia por los historiadores gallegos del siglo XIX y primer tercio del XX*, tese de licenciatura inédita, Facultade de Xeografía e Historia, Santiago, 1981, p. 52.

(18) J. Vereá y Aguiar, “Discurso Preliminar” á súa *Historia de Galicia...*, Imp. Taxonera, Ferrol, 1838, pp. 8 y 39; y A. Faraldo, “Últimas consideraciones...” e “Estudios de Galicia”, arts. cit.

(19) A. Faraldo, “Estudios de Galicia. 2º”, *El Recreo Compostelano*, I, nº 19, 11-X-1842, pp. 294 e 296.

da e nunca se practica), uns costumes, etc. Pero esa etnicidade non ten relevancia máis que cando se describe o pasado e xamais é considerada un factor determinante na análise dos problemas nin na proposta de solucións para a Galicia actual. Coa historia acontece todo o contrario, porque é nela onde os provincialistas cren acha-las xustificacións das súas neboentas arelas descentralizadoras e os precedentes desa independencia pasada que, na súa opinión, é o único alicercé válido da súa afirmación de Galicia. Percibimos nisto a influencia dun concepto xeral de nación centrado no factor estrutural-político, concepto propio do liberalismo orixinario, e mais un indicativo da pouca importancia que o organicismo ten aínda no pensamento provincialista. Isto refléxase tamén na estrutura temática da súa prensa, que analisei e cuantifiquei nas tres publicacións principais. En *El Idólatra de Galicia*, o 75% dos artigos e colaboracións non están referidos a Galicia; do 25% restante, soamente o 1,19% do total é “galeguista” no sentido de vindicar inequivocamente a galeguidade e os seus dereitos; *nin-gún item* se refire á etnicidade; o 5,95% á historicidade e o 16,67% á realidade socioeconómica de Galicia. *El Recreo Compostelano* é xa máis provincialista, sen que chegue a alterar esas liñas xerais: refírense a Galicia o 33,33% dos seus ítems; á súa vindicación expresa, o 1,22%; á súa etnicidade, o 1,63%; á súa historicidade, o 14,23%; e á súa estrutura socioeconómica, o 1,63%. E en *El Porvenir* esas cifras son, respectivamente, 47,44%; 11,54%; 0,00%; 5,13% e 5,13%.

A atrofia da etnicidade como factor do referente de afirmación era, *naquelas circunstancias históricas*, un grave atranco para chegaren a unha concepción plenamente nacional de Galicia, e de feito deixou reducido o primeiro provincialismo a mero “precursor” incompleto dunha ideoloxía realmente galeguista. A consideración dos outros tipos de referentes confirma esta apreciación. Soamente atopei unha mención significativa do posible referente de reintegración. Débese a Faraldo e non pode ser máis negativa, pois estima que Portugal, “nuestro hermano por leyes, revoluciones, usos i costumbres (...) Por muchos siglos ha combatido por el nombre español i á la sombra del pendón de Castilla; fue parte de la nación española, i cuando por la traición de un ministro se separó de nuestra comunidad política, no por eso dejó de seguir atada al carro español (...) con grandes publicistas pensamos que la España venedera se apoderará de Portugal que por ningún título puede estar separado de ella” (20). Velaquí o iberismo típico do progresismo, cimentado na idea de nación como “comunidad política”, e aínda nas antípodas da identidade nacional do par Galicia-Portugal e, por riba, da súa oposición ó par Castela-España. Mesmo a afinidade étnica ou histórica de Portugal semella estar máis referida a Castela ou á nación española.

Se consideramos agora os referentes de negación-oposición, só atopamos desenvolvida a súa antesala: ese conxunto de sentimentos e reaccións primarias que podemos chamar *síndrome da aldraxe*. De Vere a Faraldo, a motivación vindicadora fronte as axes reais ou supostos vidos de fóra de Galicia é algo expreso e central. Pero non se dá aínda o paso decisivo que supón considera-lo intercambio aldraxe-resposta

(20) A. Faraldo, “Lisboa. Palacio de las Necesidades”, *El Recreo Compostelano*, I, nº 8, 26-IV-1842, p. 111.

unha consecuencia da oposición de dous entes nacionais diferenciados. España non é aínda *outra nación nin a suma estatal de nacións*, como será logo, senón a nación da que Galicia é unha parte. E non se trata só de que aínda non se refugue a idea de que España é a nación de todos, salto que algúns sectores do galeguismo nin sequera darán na fase rexionalista, senón que tampouco hai unha reacción positiva, é dicir, tampouco se responde á aldraxe coa contra-aldraxe (por exemplo, reputando de inferiores ós que se teñen por superiores), cousa que si acontecerá no rexionalismo. O síndrome da aldraxe fica agora en pura queixa que xamais se instrumenta para creba-la fe nunha comunidade esencial española. A única reacción é a refutación defensiva, o que implica que se dá unha das condicións necesarias, pero non as suficientes, para que xurda o verdadeiro referente de negación. E sen este tampouco pode existir plenamente, no noso caso, o de afirmación. Proba disto é que asemade se cantan as glorias de Galicia dentro de España e as glorias de España no mundo (21). Verbo da contraposición Galicia-Castela, posibilidade alternativa á de Galicia-España, apenas se apunta nun artigo anónimo de *El Porvenir* (22), do que o seu exclusivo interés está en que é unha das primeiras veces que se gaba o réxime galego de propiedade da terra fronte ó latifundismo castelán, tema de grande futuro no galeguismo.

O pouco desenvolvemento dos referentes de analoxía ten o mesmo sentido. O País Vasco nin se menciona, o que era previsible polo seu carlismo. Pero acontece o mesmo con Cataluña, malia as relacións persoais e literarias cos persoeiros do provincialismo catalán. En cambio, aparece unha analoxía extrapeninsular: "Galicia es para las otras provincias de la Península lo que la Irlanda respecto del Reino Unido, antes de consagrar por entero el infatigable O'Connell su capacidad y su denuedo en favor de aquel país" (23). Pero non se quitan consecuencias políticas desta comparación, da que a importancia para nós está en se-la primeira mención galeguista de Irlanda, análogo que chegará a adquirir moita relevancia nas fases rexionalistas e nacionalistas.

A consideración dos diferentes tipos de referentes permítenos afirmar con seguridade que os provincialistas de 1840-1846 non concebían Galicia como unha nación, é dicir, non tiñan dela ningún dos diversos conceptos que este termo denotaba na Europa do século XIX. Tampouco valoraban nacionalmente a súa etnicidade, aínda que tiñan certa conciencia da súa especificidade neste eido. Só a historicidade de Galicia é afirmada sen vacilacións. Estamos, xa que logo, moi ó principio do camiño que conducirá a unha idea de rexión/nación galega como ente esencialmente diferenciado.

(21) Por exemplo, en "Lo que vale España", *El Recreo Compostelano*, nº 2, 26-I-1842, pp. 30-31. E tamén significativa, neste mesmo sentido, a publicación do soneto de A. Piralá, "A las víctimas de la libertad", adicado ós comuneros de Villalar, moi na liña da fundamentación historicista-liberal da nación española, daquela en auxe.

(22) nº 10, 25-V-1845, pp. 75-76.

(23) A. Faraldo, "Consideraciones generales sobre Galicia", *El Porvenir*, nº 3, 23-II-1845, pp. 22-23.

Os referentes nacionais no segundo provincialismo

Este panorama experimenta poucas variacións ata o rexionalismo, con dúas notorias excepcións, ambas na segunda xeración de provincialistas: Manuel Murguía e Rosalía de Castro. O primeiro fai progresar moito a construción do referente propio, sobre todo co seu "Discurso Preliminar" de 1865, alterando totalmente a importancia relativa dos factores constitutivos respecto do primeiro provincialismo. En cambio, ata os seus escritos dos anos 1886-1892, xa na fase rexionalista, non elaborará abondo os referentes de reintegración e negación. E será xustamente no que atinxe ó de negación onde Rosalía se adiantará ós demais, se ben a natureza literaria das súas manifestacións restará, *de momento*, virtualidade ideolóxica e política a esas negacións.

En efecto, na obra rosaliana o par aldraxe-loa de Galicia, moi afincado no provincialismo desde o principio, como xa vimos, dá paso esporadicamente ás primeiras manifestacións nidias do referente de negación-oposición. No limiar de *Cantares Gallegos* di: "me atrevín a cantar neste homilde libro pra desir unha vez siquera, i aunque sea torpemente, ós que sin razón nin coñecemento algún nos despresan, que a nosa terra é dina de alabanzas (...) Mais he aquí que o máis triste nesta cuestión é a falsidade con que fora de aquí pintan así ós fillos de Galicia como a Galicia mesma, a quén xeneralmente xusgan o máis despreziable e feio de España, cando acaso sea o máis hermoso e dino de alabanza" (24). E realmente prodigará as súas loubanzas a todo o galego. Mais non se conformará con iso. A afirmación de Galicia acada nela intensidade de abondo para se traducir en negación da súa españolidade. Unha negación aínda sentimental, de rompemento dorido coa nai ingrata, mais negación ó cabo, que fica aí para que no futuro outros lle aporten contidos máis nacionais e políticos:

Probe Galicia, non debes
 chamarte nunca española,
 que España de ti se olvida
 cando eres, ¡ai!, tan hermosa.
 Cal si na infamia naceras,
 torpe, de ti se avergonza,
 i a nai que un fillo despresa
 nai sin corasón se noma.
 Naide porque te levantes
 che alarga a man bondadosa;
 naide os teus prantos enxuga
 i homilde choras e choras.
 Galicia, ti non tes patria,
 ti vives no mundo soia... (25)

(24) Rosalía de Castro, *Cantares Gallegos* (1863), en *Obras Completas*, Aguilar, Madrid, 1977, vol. I, p. 69.

(25) *Ibid.*, p. 201.

Ademais, esta primeira negación de España complementábase cunha hostilidade sen concesións a Castela, ente etnohistórico do que proceden os principais elementos definidores da españolidade. Rosalía non establece unha relación clara entre as súas queixas contra España e a súa despectiva ira contra Castela, pero deixa marcada a esta, e para moito tempo, como a enemiga por excelencia de Galicia, como o *outro* necesario para o medrar vizoso dun referente negativo que sosteña e afortale o referente afirmativo. A motivación inmediata desa xenreira a Castela non é etnocultural senón social, moi en concordancia co progresismo avanzado de Rosalía: o maltrato que os casteláns dan ós emigrantes temporeiros galegos que van á seitura:

¡Castellanos de Castilla,
tratade ben ós gallegos;
cando van, van como rosas;
cando vén, vén como negros!

...
Foi a Castilla por pan
e saramagos lle deron;
déronlle fel por bebida,
peniñas por alimento.

...
Van probes e tornan probes,
van sans e tornan enfermos,
que anque eles son como rosas,
tratádelos como negros. (26)

A esta razón social engádese, se ben máis soterrada, unha incompatibilidade máis xeral de paisaxe, carácter, costumes, que salta aquí e alá nas súas poesías e prosas. Pero prima sempre esa dobre agresión dos casteláns ó labrego galego: a explotación económica que atura en canto labrego e a humillación moral que sofre en canto galego. A reacción de Rosalía non se resolve en reproche adoecido que aínda leva en sí a pegada dun amor familiar recente, como lle ocorre con España, senón en contrataque enraibado que resposta ó despreccio con outro aínda maior, como corresponde ó tratamento que merece un inimigo totalmente alleo, exterior, ó que cómpre negar calquera valor positivo, no presente e no pasado. Nin sequera se salva o mito comunero, tan relevante no progresismo e que, como dixemos, fora asumido tamén polo provincialismo galego. Agora a valoración da galeguidade acadá unha cota que esixe que Castela sexa suma de tódalas eivas, maldades e fealdades, desde o carácter dos seus moradores ata a paisaxe; esixe, en suma, que sexa un verdadeiro inferno:

¡Castellanos, castellanos,
tendes corazón de ferro!

...
Que Castilla e castellanos,
todos nun montón a eito,

(26) *Ibid.*, pp. 194-195.

non valen o que unha herbiña
destes nosos campos frescos.

...

Nin arbres que che den sombra,
nin sombra que preste alento...
Llanura e sempre llanura
deserto e sempre deserto...

Esto che tocóu coitada,
por herencia no universo;
¡miserable fanfarrona...!
triste herencia foi por certo.

...

En verdad non hai, Castilla,
nada como ti tan feio,
que aínda mellor que Castilla,
valera decir inferno. (27)

Sen nega-la importancia *a posteriori* destes desafogos poéticos na xénese da idea de nación galega, penso que *no seu tempo* foron máis decisivas as aportacións do Murguía mozo. Como sempre, o primeiro é salva-las confusións terminolóxicas. *Nación* resérvase en exclusiva para España, á que tamén se chama *madre patria* nalgunha ocasión (28). Pola súa parte, Galicia é *pueblo, país, patria e nacionalidad*. Prescindindo dos dous primeiros pola súa natureza coloquial, o terceiro é con moito o preferido para denotar histórica e politicamente a Galicia. Respecto a *nacionalidade*, adoita usala ambiguamente referida ó pasado (os suevos, “al tiempo que se enseñoreaban del país, echaban los cimientos de nuestra nacionalidad” (29)) e sempre parece indicar un estado histórico no que a condición necesaria é unha etnicidade diferenciada e a suficiente un poder político propio (30), co que semella non haber en Murguía unha diferenza cualitativa entre nación e nacionalidade. En Galicia cumpríase e cúmprese a primeira condición, pero non a segunda. Por iso no pasado “la vida política de nuestro país fue desgraciada: la falta de unidad le privó en los siglos medios de la felicidad de una monarquía propia y continuada, que le daría, sin duda alguna, el carácter de nacionalidad que le falta”. E no presente, “situado a una extremidad de Europa, separado de los pueblos hermanos por cadenas de montañas, con idioma propio, este antiguo reino tiene todas las condiciones que se necesitan para formar una completa nacionalidad. En cambio se ve obligado a permanecer estacionario” (31).

(27) *Ibid.*, pp. 195-197.

(28) M. Murguía, “Prólogo”, pp. XVI e XX, e “Discurso Preliminar”, p. 23 á sua *Historia de Galicia*, tomo I, Soto Freire, Lugo, 1865.

(29) *Ibid.*, “Prólogo”, p. IX, ou ben “Discurso Preliminar”, p. 24: os galegos “pelearon al lado de Viriato, defendiendo su nacionalidad”.

(30) Por iso o romano, latinizando os topónimos e romanizando a relixión “puso empeño en borrar de la memoria de los vencidos todo recuerdo de su pérdida nacionalidad” (*Ibid.*, p. 29).

(31) *Ibid.*, pp. 185 e 187.

Aparentemente seguimos onde estabamos cos primeiros provincialistas. Pero non é así. Afirmar que Galicia reúne tódalas condicións para ser unha nacionalidade supón un salto cualitativo respecto ó anterior, aínda que falle unha tan importante coma a independencia política, posto que as que Galicia ten, segundo Murguía, veñen dadas pola historia e, ou se teñen ou non se teñen, pero non hai xeito de adquirilas ou perdelas á vontade no curto ou medio prazo. En cambio, a que falla si se pode adquirir ou perder. Estamos, pois, diante dunha afirmación implícita ou latente da nacionalidade galega, malia non facela Murguía patente aínda. E non a fai principalmente por mor da importancia que segue a conceder ó factor político na definición xeral de nación. Abondará con que elimine do seu pensamento este resto do concepto liberal-revolucionario de nación para que aquela afirmación sexa plena. Pero isto terá que agardar á fase rexionalista.

En todo caso, este avance é froito do desenvolvemento que ten nel o referente afirmativo. Lembremos que a maior limitación deste no primeiro provincialismo era o pouco peso da etnicidade, e máis concretamente do idioma. Ora, isto non é así en Murguía. En primeiro lugar, sitúa a lingua propia no centro da afirmación e a definición nacionais: "el pueblo que olvida y escarnece su idioma, ese pueblo dice al resto del mundo que ha perdido su dignidad!" (32). En segundo lugar, establece a existencia dun *Volksgeist* galego, o que implica, se ben el non o di aínda, a súa irreductibilidade nacional a calquera outra comunidade. Para Murguía, o galego herdou do celta un carácter específico, do que os riscos máis sobranceiros son o amor á terra e o instinto cáseque sagrado da súa posesión, a relixiosidade, a intelixencia, o lirismo, a capacidade de resistencia e a ausencia de agresividade ou afáns conquistadores (33). Por todo iso, "el sentimiento de la raza [gallega] que puebla estas regiones es diverso del de las comarcas que nos rodean" (34). E atribúe en última instancia tal especificidade étnica á orixe racial e á pervivencia desa raza cáseque pura. A confluencia de todos estes elementos no pobo galego léva o a postular para Galicia a clásica definición orgánico-historicista de nación, se ben o fai dun xeito algo velado: "Sin que los geógrafos y historiadores antiguos nos hubieran señalado la existencia en nuestras comarcas de aquel pueblo, el aspecto de la mayor parte de sus habitantes, los monumentos, el dialecto, las costumbres, las inclinaciones, las manifestaciones todas de su espíritu, nos pobarían el origen céltico de su actual población" (35). A etnicidade está completa e, a partir de agora, será o factor principal do referente afirmativo no concepto galeguista de Galicia. Non obstante, a ausencia ou o carácter incipiente dos outros refe-

(32) M. Murguía, *La primera luz*, Imp. Juan Compañel, Vigo, 1860, reproducida en *Política y sociedad en Galicia*, Akal, Madrid, 1974, pp. 158-159. Pero xa en 1858, tres anos antes dos primeiros Xogos Frorais da Coruña, e no seu artigo "Poesía gallega contemporánea", publicado no *Museo Universal*, falara da necesidade de restituí-lo galego á condición de lingua literaria para que fose instrumento de afirmación rexional. Vid. Ch. Davies, art. cit., pp. 439-441.

(33) Vid., por exemplo, "Discurso Preliminar", *op. cit.*, p. 11.

(34) *Ibid.*, p. 186.

(35) *Ibid.*, pp. 9-10. Nas edicións posteriores, feitas xa na fase rexionalista, Murguía correxirá coidadosamente este pecado de mocidade sustituíndo en todas partes "dialecto" por "idioma".

rentes impídenos aínda falar dun concepto murguiano de nación galega propiamente dita.

O referente de reintegración non se manifesta. E certo que recoñece a irmandade racial de galaicos e lusitanos na protohistoria e mailo estreito parentesco idiomático e cultural, pero faltan os laídos por non se acadala unión de Galicia e Portugal na Idade Media. E mesmo se felicita de que tal unión non tivese lugar durante a Guerra de Sucesión (36). Isto cadra coa entidade, tamén moi pequena, do referente de negación-oposición, que presenta gomos interesantes na súa faciana de pura negación —cousa inevitable dada a plenitude do referente afirmativo— como, por exemplo, cando insinúa que outros pobos europeos de estirpe céltica poderían ser menos estranxeiros para os galegos cós castelás (37). Pero eses indicios aillados remanecen de momento escurecidos polas reiteradas afirmacións da pertencia do antigo reino de Galicia á nación española (38). Mesmo o síndrome da aldraxe ten moi contadas manifestacións e, desde logo, a faceta opositiva deste referente, trátase de España ou de Castela, amosa unha relativa atrofia que contrasta co vigor que detectamos na obra coetánea da súa muller, Rosalía de Castro.

En consecuencia, vemos que no concepto que Murguía ten de Galicia antes do 1875 hai unha forte tensión entre a afirmación dos factores constitutivos dunha nacionalidade galega histórica e obxectivamente definida e a persistencia da idea provincialista dunha nación española de natureza fundamentalmente política, perfeccionamento no que se confía aínda. Tal persistencia é a que bloquea o desenvolvemento dos referentes de reintegración e negación. O precario equilibrio entre estes dous tipos de elementos contradictorios desaparecerá en favor do primeiro tipo na fase rexionalista do galeguismo —despois de 1885— e gracias tamén ás teorizacións do mesmo Murguía.

(36) *Ibid.*, p. 166.

(37) *Ibid.*, p. 11: “Después de tantos siglos de honda y cruel separación, empiezan los pueblos a conocerse, y los de una misma sangre á buscarse, á amarse, á levantar como comun bandera, aquella que habian tremolado en remotísimos tiempos los hombres de quienes descienden. ¡Y quién sabe si esto mismo no es ya una vaga aspiración hácia mayores destinos? Nadie podrá decir si aquel obispo compostelano que quiso entregar Galicia á los ingleses, lo haría ó no creyendo que estos eran para nosotros menos estranjerios que los príncipes y señores de la corona de Castilla!”

(38) Por exemplo, “Prólogo”, p. xx: “Alejado este antiguo reino por la naturaleza del resto de la nación...”; ou no “Discurso Preliminar”, p. 148: nos séculos XVI e XVII, Galicia “unida por entero al resto de España, las glorias de esta son sus glorias, los reveses suyos también. Juntos pelean, gallegos y castellanos, en Italia y en Flandes, juntos vencen, juntos sufren las desgracias de la patria”, e p. 181: na Guerra da Independencia, “enseñó España á las demás naciones como se conserva la propia nacionalidad y se vence a los invasores”.